



ACTA DE ADMISIÓN DE TODOS OS INTERESADOS MEDIANTE A APERTURA E CUALIFICACIÓN DO SOBRE ELECTRÓNICO ÚNICO (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS) E REQUIRIMENTO Á OFICINA TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUTURAS, ENXEÑERÍA E SERVIZOS (OTMAIES) PARA EMISIÓN DE INFORME

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: 2024/ABSSUB/000003

SUBMINISTRACIÓN DE CAMIÓN CON CAIXA ABERTA BASCULANTE PARA A BRIGADA OPERATIVA DE OBRAS.

ACTO: Proceder a realizar a apertura e cualificación da documentación contida no sobre electrónico único (documentación administrativa e criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas) e requirimento á OTMAIES para emisión de informe.

ÓRGANO QUE SE REÚNE: Mesa de Contratación.

DÍA: 16/09/2024

LUGAR: Segundo andar do edificio administrativo sito na rúa Michelena, 30, Pontevedra.

HORA DE INICIO: 09:48 horas.

HORA DE FIN: 09:52 horas.

No expediente mencionado na parte superior desta acta e no lugar, día e hora indicados, comparecen as persoas que de seguido se relacionan co obxecto de proceder a realización do acto mencionado no expediente de contratación indicado.

ASISTENTES:

PRESIDENTE: Concelleiro da área legal e económica	D. Raimundo González Carballo
SECRETARIO:	D. José Francisco González Neira (Xefe do Servizo de Contratación).
VOGAIS:	Dona Blanca Vega Lorenzo (Interventora Xeral Municipal). D. José Antonio García Mon (Director da Asesoría Xurídica). D. José Manuel Torres Corredoira (Enxeñeiro Adxunto ao Xefe de Servizo da OTMAIES).

A secretaría deste órgano da lectura ás empresas que se presentaron a este procedemento de contratación:

EMPRESAS QUE SE PRESENTARON A ESTE PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN	GRÚAS Y AUTOVENTAS BETANZOS, S.L.
--	-----------------------------------





Acto seguido, en acto non público, procédese a apertura do sobre electrónico único, que contén a documentación administrativa e a proposta ou oferta que se formula pola entidade admitida a este procedemento de contratación correspondente aos criterios de adxudicación determinados no prego de cláusulas administrativas particulares.

Tras a apertura do sobre electrónico único a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Determinar que a documentación administrativa presentada pola entidade mencionada anteriormente é correcta e en consecuencia admitir a esta empresa a este procedemento de contratación.

A oferta contida no sobre electrónico único (criterios avaliados automaticamente) debe avaliarse conforme aos criterios de adxudicación determinados no prego de cláusula administrativas. A oferta contida no sobre electrónico único formulada pola única empresa presentada é a seguinte:

EMPRESAS	Oferta económica (IVE incluído)	Incremento prazo garantía mecánica	Incremento prazo garantía chapa e pintura	Menor nivel de emisións CO2
GRÚAS Y AUTOVENTAS BETANZOS, S.L.	56.265,00 €	0 anos	0 anos	261 gr/km

En relación con esta oferta contida no sobre electrónico único (criterios avaliados automaticamente) a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Dar traslado desta oferta para informe por parte da OTMAIES.

Finalizada a apertura de sobres, o Sr. Presidente da por finalizado o acto mencionado anteriormente e levanta a sesión do que eu, como Secretario, dou fe.

